


DAR VOZ AO TEATRO GALEGO. O PREMIO CASTELAO DE TEATRO 1964-1967



VARIOS

SINOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións dende 1950, traendo ao lectorado de hoxe moitas destas obras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade, grazas á Biblioteca 75 anos. O novo volume desta colección conmemorativa é Dar voz ao teatro galego o premio castelao de teatro 1964-1967, cunha introdución Cristina Domínguez Dapena. A Agrupación Cultural O Galo, a primeira asociación cultural da época legalmente constituída, impulsou en 1964 unha importante iniciativa: a convocatoria do primeiro Premio Castelao de Teatro Galego. Na súa primeira convocatoria o premio recaeu na peza Cando morren os farois, de Ángel de la Peña, un coñecido locutor da compostelá Radio Galicia, obra inédita ata a actualidade. Na súa segunda edición o premio foi concedido a Jenaro Mariñas del pola peza A revolta, e na seguinte, a do ano 1966, o premio foi declarado deserto. Na derradeira edición, a de 1967, a obra gañadora foi a peza de Xohana Torres, Un hotel de primeira sobre o río. Estas dúas obras foron publicadas no seu intre pola editorial Galaxia. O que van ler neste volume son, polo tanto, tres pezas de teatro creadas cunha clara vontade de contribuír á lingua e á cultura galegas, escritas con traballo, ilusión, compromiso e respecto. As tres persoas autoras compartían un fondo compromiso co teatro, aínda que cada unha o abordase desde unha perspectiva diferente....

	
Editoriala	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Gaia	TEATRO EN GALEGO
Bilduma	BIBLIOTECA 75 ANOS
EAN	9788411764841
Baldintza	Dispoñible
Lotura	Tapa blanda
Orrialdeak	348
Neurria	220x150x0 mm.
Price (Tax inc.)	23,50€
Release date	05/09/2025

Related Titles

